


Dinámicas e Técnicas



Dinámicas e Técnicas

Dinámicas¹



O branco e a diana

Favorecer a interrelación do grupo, o coñecemento mutuo e a distensión do grupo.

Fórmanse grupos de 4 e entrégase a cada grupo unha cartolina como a da imaxe con tantos círculos concéntricos como aspectos se queiran compartir. Cada un, no cuadrante do círculo central que lles corresponda, escribe o seu nome e, de dentro para fóra van escribindo a súa maior calidade, o seu maior defecto, principal afección, teima, materia favorita... ao final observan a diana e comentan o que teñen en común e o que lles fai diferentes.

O cego e o lazarillo

Desenvolver a confianza noutras persoas como condición necesaria para desenvolver actividades cooperativas.

Fórmanse parellas, un fai de "cego" (véndanselle os ollos) e outro de "lazarillo", e comezan a deambular. O lazarillo guía ao cego, ao principio da man e logo coa voz. Para finalizar, leva ao cego a un lugar tranquilo para que tente recoñecer a contorna a través do tacto, oído, olfacto...

Pódese terminar cunha reflexión do tipo *Como vos sentistes cos ollos vendados?, e guiando a un compañeiro?, confiastes plenamente en outra persoa?, en que outras ocasións debedes confiar en alguén?, pensades que se pode confiar en vós?...*

Roda de 1 minuto

Fomentar a comunicación e a escoita activa entre o alumnado e incrementar o coñecemento mutuo.

Colócase aos alumnos en dous círculos concéntricos e enfrontarase aos alumnos, sendo o do círculo interior o que fale e o do círculo exterior o que escoite (se o nº de alumnos é impar, será maior o círculo de fóra, adxudicándolle dous oíntes a un falante). Propoñerase un tema e, durante un minuto, os alumnos do círculo interior falarán sen parar sobre ese tema ("a miña fin de semana", "a miña peli favorita"...). O alumno de fóra deberá exercer unha escoita activa, isto é, escoitar con atención, mirar aos ollos, asentir, parafrasear... Cando pasase o minuto, tanto o círculo interior como o exterior virarán unha posición cara á súa dereita (ao estar enfrontados, virarán en sentidos opostos) e propoñerase un novo tema e un novo minuto para realizar a tarefa cun novo compañeiro. Cando se deu unha volta completa, pódese intercambiar os círculos.

¹ A partir de Iglesias Muñiz, J.C. et al (2017) e Díaz Tenza, P.J. (2019).

A bicicleta

Reflexionar sobre a contribución individual ao grupo, e marcarse un obxectivo de mellora e traballar nel.

Proxéctase sobre a pantalla unha bici e, sinalando as partes, faise unha metáfora comparándoa co funcionamento do grupo.

Guiador: marca a dirección, ten claro en todo momento que hai que facer e como, achega ideas de como levar a cabo as cousas, ofrece axuda...

Asento: déixase levar polo grupo. Non molesta, pero non achega nada. Non axuda, non colabora, non dá ideas...

Pedaís: esfórzase porque o grupo vaia adiante, axuda aos compañeiros, vai detrás dos que non queren ou lles custa traballar, reconduce aos descoidados, ten moito interese en que o grupo funcione ben e esfórzase niso.

Rodas: sen chegar a tirar do grupo, non poñen impedimento e, en certo xeito, son necesarios. Dalgunha forma facilitan que o grupo avance porque son capaces de adaptarse ás indicacións que se dan. Non todos podemos ser guiador ou pedais, tamén fai falta rodas na bici.

Freo: impiden que o grupo avance, molestan aos compañeiros, poñen trabas, non colaboran...

Repártese a cada un 3 post-its. Pídeselles que poñan o seu nome e numérenos do 1 ao 3. A continuación pídeselle que escriban no 1 que elemento da bici consideran eles que son dentro do grupo. O post-it 2 pásanllo ao compañeiro da dereita e este escribe que elemento pensa que é. Logo vólvello a dar ao da súa dereita e repítese a acción ata que o post-it chega ao seu dono. Sería conveniente, se hai tempo, que expliquen por que puxeron iso. No post-it 3 escriben que elemento quixerían chegar a ser. Ao finalizar tiramos os dous primeiros post-its e pedímoslles que peguen ese terceiro na axenda.

É unha actividade que necesita moita reflexión e deixar claro desde o principio que non se pretende atacar, senón aportar.

O chan é lava

Os grupos repártense folios de papel, follas de xornal... en función do tamaño que desexemos ou idade dos alumnos. A cada equipo dáselle un máis que o número de membros que teña. A consigna é percorrer un determinado espazo sobre o chan. Como o chan é lava, só poden cruzar sobre as rochas (papel) que eles mesmos irán colocando para facer o seu camiño. Se alguén toca o chan, retroceder ata o final do seu grupo.

Non é necesario ir en liña recta nin que sexa o mesmo percorrido para todos, así evitaremos que compitan nunha carreira.



O noso mundo

Cohesión de grupo e procura de identidade.

Actividade ideal como primeira tarefa de cada novo agrupamento: logo dun tempo de falar, coñecerse e decidir, deberán crear un escudo que represente ao equipo con aquilo que lles une ou, polo menos, cun “pouco” de cada un. Do mesmo xeito, deberán tamén buscar un nome de equipo e un berro de guerra e/ou de celebración. Se se atascan, axudarlles suxeríndolles xogos de palabras coas letras dos seus nome...


Escola Zombie

Podes consultar a actividade no qr.




O xogo da NASA

Podes consultar a actividade no qr.




Gansos

Podes consultar a actividade no qr.



Técnicas ou Estruturas²



A lista, de Zariquiey

- ⇒ O mestre entrega unha relación de cuestións que se responderán ao longo das súas exposicións.
- ⇒ Cada 15 ou 20 minutos, o docente deixa de expoñer e pide aos alumnos que identifiquen as cuestións que foron abordadas, resólvanas de forma individual e póñanas en común no grupo.
- ⇒ A continuación, o mestre volve expoñer durante 15 ou 20 minutos ata a seguinte parada.

A substancia, de Pujolás

- ⇒ O docente agrupa ao alumnado en equipos heteroxéneos.
- ⇒ Pide aos alumnos que escriban unha frase sobre unha idea principal dun texto ou do tema.
- ⇒ Os alumnos ensinan aos seus compañeiros de equipo a frase que escribiron e entre todos discuten se está ben ou non, corríxena, matízana ou a descartan.
- ⇒ Tras discutir frases de todos os membros do grupo, ordénanse dunha forma lóxica e cada un as copia no seu caderno. Desta maneira teñen un resumo das principais ideas dun texto ou do tema traballado.

Alixear o ambiente, de Silberman

- ⇒ O docente agrupa ao alumnado en equipos heteroxéneos.
- ⇒ Presenta o tema e solicita aos equipos que deseñen propostas absurdas relacionadas con eses contidos. Por exemplo: *"crea unha dieta o menos nutritiva posible"*, *"escribe unha oración coa maior cantidade de erros gramaticais"*, *"deseña unha ponte destinada a caerse"*, etc.
- ⇒ O profesor elixe o azar a un dos membros de cada grupo para explicar a súa creación.

² A partir de *Colectivo Cinética*.

Brindar preguntas e recibir respuestas, de Silberman

- ⇒ Partindo dos equipos heteroxéneos, entrégase un cuarto de folio a cada alumno.
- ⇒ Pídesse aos alumnos que escriban no anverso do folio unha pregunta ou dúbida que teñan sobre os contidos, e no reverso do folio unha pregunta ou dúbida que sexan capaces de responder.
- ⇒ Os equipos elixen a “pregunta para formular” máis pertinente e a “pregunta para responder” máis interesante.
- ⇒ Cada grupo formula á clase a súa pregunta para ver se alguén pode respondela; se non, farao o docente.

Cabezas xuntas numeradas, de Kagan



- ⇒ O docente agrupa ao alumnado en equipos heteroxéneos, pide que se numeren e expón unha pregunta.
- ⇒ Os alumnos dedican uns minutos a pensar individualmente a súa resposta.
- ⇒ Os equipos *xuntan as cabezas* e tratan de acordar unha resposta. O moderador de cada equipo asegúrase de que todos son capaces de dar a solución.
- ⇒ O mestre elixe un número ao azar e os alumnos de cada grupo que o teñen, dan a resposta do seu equipo.

Colaxe de avaliación, de Silberman

- ⇒ O docente agrupa ao alumnado en equipos heteroxéneos e distribúe revistas, tesoiras, pegamentos, rotuladores... entre os equipos.
- ⇒ Cada alumno dedica un tempo para pensar no que aprendeu na unidade que remata.
- ⇒ Os equipos poñen en común as ideas dos seus membros.
- ⇒ Cada grupo elabora unha colaxe que reflecta o aprendido.
- ⇒ O mestre organiza unha galería coas colaxes e convida os alumnos a comentalos.



Control grupal, do Colexio Ártica

- ⇒ Nos días previos a unha proba individual, o profesor agrupa ao alumnado en equipos heteroxéneos e entrégalles un “control grupal”: unha proba similar á que se realizará de forma individual.
- ⇒ Os equipos realizan o control respectando a seguinte consigna: non pasarán ao seguinte exercicio ata que todos os membros do grupo comprendesen o anterior.
- ⇒ Ao finalizar, o profesor realiza unha corrección en gran grupo, pedindo a algúns alumnos ao azar que desenvolvan cada exercicio.
- ⇒ Os equipos corrixen o seu control grupal e avalíanse seguindo as premisas do profe.
- ⇒ Cada alumno establece o que debe repasar para a proba individual.

Controversia académica, adaptación de Zariquiey, a partir de Johnson & Johnson



- ⇒ O docente agrupa ao alumnado en equipos heteroxéneos de catro membros e expón unha afirmación que admite dúas posturas: a favor e en contra.
- ⇒ O docente distribúe dous papeis: unha parella debe defender a afirmación e a outra debe criticala.
- ⇒ As parellas dedican un tempo para preparar a súa postura sobre a afirmación.
- ⇒ Os grupos debaten sobre o tema, defendendo a súa posición cos argumentos que traballaron.
- ⇒ Os equipos redactan un documento no que se recollen os argumentos a favor e en contra do tema traballado.

Corrección cooperativa dos deberes, de Zariquiey

- ⇒ Comeza a clase e os alumnos reúnen en parellas ou grupos para poñer en común os deberes.
- ⇒ As parellas empezan polo primeiro exercicio comparando tanto o resultado como o proceso seguido. Se están de acordo, pasan ao seguinte. Se non, deben acordar a forma correcta de facelo.
- ⇒ Unha vez corrixidos os deberes, cada parella comparte o seu traballo con outra.



Debuxo cooperativo, de Colectivo Cinética

- ⇒ O docente agrupa aos alumnos e lles propón a realización dun mural, debuxo ou calquera outra tarefa plástica.
- ⇒ Asigna a cada integrante do equipo unha parte do material necesario para a realización da tarefa.
- ⇒ O grupo ponse de acordo sobre o que vai facer e como o fará.
- ⇒ Cada alumno desenvolve a parte do traballo asociada ao material que lle asignaron.

Demostración silenciosa, de Silberman

- ⇒ O docente agrupa ao alumnado en parellas heteroxéneas e presenta un procedemento de múltiples etapas en silencio, sen dar explicacións.
- ⇒ As parellas falan sobre o que viron, tratando de establecer os pasos que seguiu o docente.
- ⇒ O profesor volve demostrar “silenciosamente” a primeira parte do procedemento.
- ⇒ As parellas tentan reproducila.
- ⇒ O profesor presenta a segunda parte do procedemento cunha demostración silenciosa.
- ⇒ As parellas tentan reproducir a segunda parte do procedemento.
- ⇒ O docente propón unha situación na que as parellas deban aplicar o procesamento aprendido.
- ⇒ Finalmente, o docente elixe a algúns alumnos para que “demostren” á clase o que fixeron.

Dramatización cooperativa, de Zariquiey

- ⇒ O mestre propón ao alumnado unha dramatización relacionada cos contidos que se están traballando.
- ⇒ Os alumnos repártense os papeis e realizan a dramatización.
- ⇒ Se se considera oportuno, os alumnos poden intercambiar os papeis asignados.
- ⇒ O alumnado realiza a ficha de traballo sobre os contidos dramatizados.

Entrevista simultánea, de Kagan

- ⇒ O docente agrupa ao alumnado en parellas heteroxéneas e expón unha pregunta sobre os contidos que se traballarán na sesión.
- ⇒ O alumno A entrevista ao alumno B, tratando de coñecer a súa resposta ou opinión sobre a cuestión exposta. B escribe a resposta de A nun cuarto de folio en branco.
- ⇒ Invístense os roles: o alumno B pasa a ser o entrevistador e o alumno A o entrevistado. O alumno B escribe as opinións de A na outra cara do mesmo folio.
- ⇒ O mestre recolle os folios e realiza unha posta en común na que os alumnos comparten a opinión do compañeiro entrevistado.

Equipos de oíntes, de Silbenman

- ⇒ O docente agrupa ao alumnado en equipos heteroxéneos e reparte entre eles estes catro roles: *interrogar* (formular polo menos dúas preguntas sobre o material traballado), *aprobar* (indicar con que puntos estiveron de acordo ou atoparon útiles e por que), *desaprobar* (comentar con que discreparon / atoparon inútil e explicar por que) e *dar exemplos* (brindar aplicacións ou exemplos específicos do material).
- ⇒ Tras quince ou vinte minutos de exposición, os grupos levan a cabo a tarefa que lles foi encomendada.
- ⇒ O profesor elixe o azar a un membro de cada equipo para que comunique a proposta do seu grupo.

Expor o traballo que se vai a realizar, de Colectivo Cinética

- ⇒ O docente forma equipos heteroxéneos e asígnalles unha tarefa.
- ⇒ Pide aos grupos que precisen o seu plan de traballo establecendo como repartirán a tarefa, que roles exercerá cada un, cal será a temporalización e que materiais necesitarán para facelo.
- ⇒ Os equipos deseñan xuntos o seu plan de traballo.
- ⇒ Ao finalizar, os grupos comparten os seus plans coa clase.



Folio xiratorio, de Kagan

- ⇒ O docente agrupa ao alumnado en equipos heteroxéneos e entrégalles un folio cunha frase relacionada cos contidos que se traballaron durante a sesión.
- ⇒ O folio colócase no centro da mesa e xira para que cada alumno escriba as súas ideas sobre a frase.
- ⇒ Os grupos intercambian o folio con outros equipos e engaden algunhas ideas que non estean recollidas.
- ⇒ Os folios coas achegas volven aos equipos, que recapitulan as distintas ideas sobre a frase.


Frase/foto/vídeo mural, de Ferreiro Gravié

- ⇒ O docente proxecta unha frase/foto/vídeo relacionada cos contidos e expón unha pregunta.
- ⇒ O alumnado reflexiona sobre a proposta de forma individual e plasma as súas ideas nun cuarto de folio.
- ⇒ Os alumnos agrúpanse para poñer en común o que pensaron cos seus compañeiros e tratan de acordar unha resposta. Escriben a resposta do equipo na outra cara do cuarto de folio.
- ⇒ O profesor pregunta a algúns alumnos ao azar a resposta dos seus equipos.

Galería de aprendizaxe, de Silberman

- ⇒ O docente agrupa ao alumnado en equipos heteroxéneos.
- ⇒ Os equipos dialogan sobre o que “levan da clase”: novos coñecementos, novas habilidades, interese nalgún contido, maior seguridade no uso dun procedemento, etc.
- ⇒ A continuación, de forma individual, cada alumno escribe en post-its as cousas que “leva de clase” e pégaos nas zonas designadas polo profesor. Unha idea por cada post-it.
- ⇒ Os alumnos percorren as listas e colocan unha marca xunto ás ideas que comparten.
- ⇒ Realízase unha posta en común en gran grupo.

Intercambiar dificultades, de Kagan

- ⇒ Tras unha explicación, o mestre pide aos alumnos que pensen nunha dificultade que atopasen, a formulen como un problema/pregunta e a escriban no anverso dunha tarxeta.
- ⇒ Os equipos traballan sobre os problemas/preguntas dos seus membros, tratando de respondelas. A continuación, cada alumno escribe a resposta ao problema/pregunta que expuxo no reverso da súa tarxeta.
- ⇒ Os equipos intercambian con outro as súas tarxetas e tratan de responder os problemas/preguntas. Cando acordaron unha resposta, cotéxana co reverso da tarxeta. Se é correcto, pasan á seguinte; se non, revisan o proceso para introducir as correccións necesarias.

Inventario cooperativo, de Zariquiey



- ⇒ O mestre expón unha cuestión que implica un inventario. Por exemplo, “que aprendiches hoxe?”
- ⇒ Os alumnos dedican uns minutos para escribir a súa propia lista de forma individual. Finalizado o tempo establecido, trazan unha liña ao final da súa listaxe.
- ⇒ Os alumnos levántanse e buscan nas listas doutros compañeiros respostas que consideran correctas e eles non pensaran. Escríbenas debaixo da liña que trazaron.
- ⇒ O mestre pide a algúns alumnos que compartan un elemento “propio” e outro “alleo” do seu inventario.

Lapis ao centro, de Aguiar e Talión



- ⇒ O docente agrupa ao alumnado en equipos heteroxéneos e nomea un moderador.
- ⇒ O profesor propón un exercicio ou problema aos alumnos.
- ⇒ Os lapis colócanse ao centro da mesa para indicar que neses momentos pódese falar pero non escribir. Os alumnos tratan de acordar a forma na que se debe realizar o exercicio. O moderador asegúrase de que todos participan na posta en común e comprenden a forma de solucionalo.
- ⇒ Cada alumno colle o seu lapis e responde o exercicio ou problema por escrito. Neste momento, non se pode falar, só escribir.
- ⇒ Vanse alternando os momentos de falar e de escribir.

Lectura compartida, de Laura Lorenzo

- ⇒ O 1 le ata o primeiro punto ou o primeiro parágrafo (dependendo da idade).
- ⇒ O 2 explica o que entendeu desa lectura en voz alta.
- ⇒ O 3 fai un resumo do que dixeron o 1 e o 2.
- ⇒ O 4 busca a palabra clave.
- ⇒ Continúase ata o final rotando esas funcións.



O que sei e o que sabemos, do Colexio Ártica

- ⇒ O docente agrupa ao alumnado en parellas heteroxéneas.
- ⇒ Anuncia o tema e pide aos alumnos que escriban o que saben sobre o mesmo.
- ⇒ Cada un escribe o que coñece nunha das caras do folio: "o que sei".
- ⇒ Os alumnos poñen en común as súas opinións coa súa parella. A continuación, constrúen unha resposta conxunta. Escríbena na outra cara do folio: "o que sabemos".
- ⇒ O mestre recolle os folios e pide a algunhas parellas que compartan o seu traballo.

Paneis de transferencia, adaptación de Zariquiey, a partir de Silberman

- ⇒ O profesor establece dous espazos na aula para pegar post-its: "No colexio" e "Fóra do colexio".
- ⇒ Ao finalizar un tema, agrupa ao alumnado en parellas e pídelles que establezan como utilizarían o aprendido "no colexio" e "fóra do colexio".
- ⇒ As parellas escriben as súas ideas en post-its: A propón unha idea e se B está de acordo, escríbea nun post-it. Se B non está de acordo, discuten ata acordala.
- ⇒ Logo B propón unha idea e repítese o proceso. As parellas fano ata que se esgote o tempo establecido.
- ⇒ As parellas comparten as súas ideas e colócanas nos paneis. Os compañeiros poden matizar as achegas das parellas.
- ⇒ O profesor pide aos alumnos que anoten no caderno as ideas que lles resultan útiles ou interesantes.

Parada de tres minutos, de Pujolás

- ⇒ O docente agrupa ao alumnado en equipos heteroxéneos.
- ⇒ Dentro dunha exposición, o docente introduce paradas de tres minutos, nas que os grupos, primeiro, tratan de resumir verbalmente os contidos explicados e, logo, redactan unha pregunta sobre os mesmos.
- ⇒ Unha vez transcorridos os tres minutos, cada equipo expón unha das súas preguntas ao resto dos grupos. Se unha pregunta ou outra moi parecida xa foi exposta por outro equipo, formulan a outra.
- ⇒ Cando xa se expuxeron todas as preguntas, o profesor prosegue a explicación, ata que faga unha nova parada de tres minutos.

Parellas/equipos de oíntes, de Colectivo Cinética



- ⇒ Antes de empezar a expoñer un tema, o docente agrupa ao alumnado en parellas/grupos heteroxéneos e asígnalle a cada equipo uno destes roles:
 - Interrogar: formular polo menos dúas preguntas sobre o material tratado.
 - Aprobar: indicar con que puntos estiveron de acordo ou atoparon útiles e por que.
 - Desaprobar: comentar con que discreparon (ou atoparon inútil) e explicar por que.
 - Dar exemplos: brindar aplicacións ou exemplos específicos do material.
- ⇒ A partir dese momento, vai facendo paradas cada 15 ou 20 minutos na presentación dos contidos (exposicións, textos, películas...) para que os alumnos desenvolvan a tarefa que lles foi asignada.
- ⇒ O docente elixe a un membro de cada parella/equipo para que comparta o traballo que desenvolveron.
- ⇒ O docente redistribúe os roles entre os parellas/grupos (seguindo unha rotación) e volve expoñer ata a próxima parada.

Parellas cooperativas de lectura, de Johnson & Johnson



- ⇒ O profesor propón un texto e forma parellas heteroxéneas.
- ⇒ O alumno A le o primeiro parágrafo en voz alta. O alumno B segue atento a lectura.
- ⇒ Ao finalizar, B pregúntalle: Cal é a idea principal? A dá a súa opinión e se B está de acordo, sublíñana. En caso contrario, discuten ata alcanzar un consenso. Pasan ao parágrafo seguinte e se cambian os roles.
- ⇒ Finalmente, constrúen un resumo partindo das ideas subliñadas.

Parellas cooperativas de toma de apuntamentos, de Johnson & Johnson

- ⇒ O docente agrupa ao alumnado en parellas heteroxéneas.
- ⇒ Expón os contidos e cada 15 ou 20 minutos realiza paradas para que os alumnos comparen os seus apuntamentos: o alumno A resume as súas notas ao alumno B e viceversa. Cada alumno pode/debe tomar algo das notas do seu compañeiro para mellorar as propias.
- ⇒ O profesor retoma a exposición ata a próxima parada.



Parellas de escritura e edición cooperativas, de Johnson & Johnson

- ⇒ O docente forma parellas heteroxéneas e proponse que escriban un texto.
- ⇒ Os nenos dedican uns minutos para reflexionar sobre o que queren escribir.
- ⇒ O alumno A describe ao alumno B que pensa escribir. B toma notas mentres fai preguntas e suxerencias. B entrega á os seus apuntamentos.
- ⇒ Dámoslle a volta ao procedemento: B describe a A que pensa escribir; A toma notas e fai suxerencias. Logo A entrega a B os seus apuntamentos.
- ⇒ Ambos alumnos traballan xuntos na escritura do primeiro parágrafo de cada unha das composicións.
- ⇒ Os alumnos escriben o resto das súas composicións individualmente.
- ⇒ Unha vez terminadas, lense as composicións dos seus compañeiros e fan observación e suxerencias.
- ⇒ Os alumnos corrixen as súas redaccións e escriben a versión final.

Peticións do oínte, de Zariquey

- ⇒ O mestre presenta o tema que se abordará na clase.
- ⇒ En pequenos grupos dialógase sobre o que lles gustaría aprender sobre o tema.
- ⇒ Os alumnos, de forma individual, escriben as súas "peticións do oínte".
- ⇒ O mestre recólleas e trata de telas en conta á hora de desenvolver o tema.

Placemat consensus, de Zariquey

- ⇒ En equipos heteroxéneos de catro membros, o mestre lles expón unha pregunta relativa aos contidos que se responde a través dunha lista ou relación de elementos.
- ⇒ Os nenos escriben a resposta individualmente detrás dun cuarto de folio.
- ⇒ Os equipos contrastan as respostas dos seus membros para construír unha lista común, considerando que hai consenso aqueles elementos que aparecen, polo menos, nas listas de tres alumnos.
- ⇒ Os alumnos escriben a lista consensuada no reverso do folio.
- ⇒ O docente recolle os folios e pide a algúns alumnos ao azar que compartan a resposta do seu equipo.

Podio cooperativo, de Zariquey

- ⇒ O docente agrupa ao alumnado en equipos heteroxéneos.
- ⇒ Tras unha explicación/lectura/proxección, o mestre pide ao alumnado que pense nas cousas que lles pareceron máis importantes.
- ⇒ Cada alumno reflexiona de forma individual, no papel.
- ⇒ O equipo contrastan as súas opinións para elixir as tres ideas máis importantes.

Por este medio resolvo..., de Silberman

- ⇒ O docente agrupa ao alumnado en parellas heteroxéneas.
- ⇒ Cada alumno dedica un tempo para pensar en algo que aprendese en clase e na forma en que pode aplicalo no futuro.
- ⇒ O alumno A explica a B o que aprendeu e como vai aplicalo. B redacta un breve recordatorio coas ideas do seu compañeiro. Cámbianse os roles.
- ⇒ Finalmente, cada alumno leva o recordatorio coas súas ideas.



Preparar a tarefa, adaptación do Colexio Ártica, a partir de Johnson & Johnson

- ⇒ O docente agrupa ao alumnado en equipos heteroxéneos e proponse unha tarefa.
- ⇒ O equipo revisa a tarefa paso a paso para asegurarse que todos os seus membros comprenden o que hai que facer. Para iso, un alumno empeza explicando a primeira parte do traballo ou o primeiro exercicio.
- ⇒ A continuación, o resto do grupo verifica a precisión da explicación e fai as correccións pertinentes. Cando alcanzan un acordo, asegúranse que todos os membros do equipo a comprenderon.
- ⇒ Outro membro do equipo empeza a explicar a segunda parte do traballo ou o seguinte exercicio, e repítese o proceso.

Proxectar o pensamento, de Ferreiro Gravié

- ⇒ O docente agrupa aos alumnos en equipos heteroxéneos e proponse unha tarefa para desenvolver: estudar unha unidade didáctica, realizar unha investigación, expoñer sobre un tema, realizar un mural, etc.
- ⇒ O mestre pide aos estudantes que deseñen un pequeno plan de traballo establecendo o que van facer “antes”, “durante” e “despois” da unidade para aprender os contidos.
- ⇒ Os equipos deseñan o seu plan de traballo.
- ⇒ Finalmente, realízase unha breve posta en común en grupo-clase.

Resumo en parella, de Colectivo Cinética

- ⇒ O docente agrupa ao alumnado en parellas heteroxéneas.
- ⇒ Tras unha exposición ou fragmento da mesma, o docente pide ao alumnado que escriba un breve resumo dos contidos tratados.
- ⇒ As parellas escriben o seu resumo seguindo o seguinte procedemento: (a) primeiro acordan os puntos máis importantes da exposición e (b) logo desenvólvenos escribindo o seu resumo de forma individual no seu caderno.
- ⇒ O docente pide a algúns alumnos ao azar que compartan o resumo da súa parella.



Sé o meu profe, de Colectivo Cinética

- ⇒ O mestre propón unha serie de exercicios ou problemas.
- ⇒ O alumnado traballa de forma individual.
- ⇒ Cando necesitan axuda dinlle a un compañeiro “sé o meu profe”. O compañeiro, deixa de facer o que está a facer e presta axuda, seguindo estas pautas: primeiro pedimos que nos diga como cre el ou ela que se debe facer a tarefa. Tratamos de corrixir os erros de un en un. Iremos amodo, asegurándonos que o noso compañeiro comprende cada paso. Se non entende algo, explicámosllo doutra forma e/ou cun nivel de dificultade máis baixo. Pódenos vir moi ben utilizar exemplos. Terminamos pedindo que nolo expliquen. Non damos por terminado o proceso ata que sexa capaz de facelo só.
- ⇒ O compañeiro que recibiu a axuda dá as grazas.

Twitter cooperativo, de Zariquiey

- ⇒ Ao longo dunha exposición ou película, o mestre vai facendo paradas cada 15-20 minutos. Entrega a cada alumno un post-it e pídelle que escriban un tuit resumindo os contidos abordados nesa parte da exposición, demostración ou película. Lembra: non poden ter máis de 140-280 caracteres.
- ⇒ Cando terminan o tuit, péganos nos lugares establecidos para iso.
- ⇒ Tras outros 15-20 minutos, os alumnos volven escribir un tuit e péganos noutro lugar (debe ser distinto para poder distinguilo dos anteriores).
- ⇒ Finalmente, o mestre pide aos alumnos que elixan un tuit de cada apartado e os retuiteen; é dicir, que os escriban no seu caderno para construír un resumo.

Un, dous, catro, de Pujolás, a partir de Johnson & Johnson

- ⇒ O docente fai grupos heteroxéneos e expón un problema ou pregunta.
- ⇒ Cada alumno dedica uns minutos para pensar na resposta.
- ⇒ Poñen en común as súas ideas coa súa parella dentro do equipo, tratando de formular unha única resposta.
- ⇒ As parellas contrastan as súas respostas dentro do equipo, buscando a resposta máis adecuada.
- ⇒ O mestre elixe a algúns alumnos para que expliquen a resposta do seu equipo.

Un para todos, de Pujolás

- ⇒ O docente agrupa ao alumnado en equipos heteroxéneos e propónlles unha serie de exercicios.
- ⇒ Os grupos traballan sobre o primeiro exercicio acordando a resposta baixo a seguinte premisa *"ninguén pasa ao seguinte exercicio ata que todos comprenderon o anterior"*.
- ⇒ Unha vez finalizado o tempo, o profesor pide ao azar o caderno dun alumno como representante do traballo do seu equipo, corríxo e pídelle que explique o proceso seguido en cada exercicio.



Xemelgos lectores, adaptación do Colexio Ártica, a partir de Johnson & Johnson

- ⇒ O mestre propón aos alumnos un texto breve.
- ⇒ Os alumnos forman parellas de "xemelgos lectores".
- ⇒ O alumno A le ata un punto (pode ser unha oración ou un parágrafo). Se se equivoca, o alumno B tócalle o ombreiro para indicar que hai un erro, pero sen corrixilo.
- ⇒ Ao finalizar, o alumno B pregúntalle: *Que entendiches?* O alumno A explica o texto coas súas palabras.
- ⇒ Pasan á oración/parágrafo seguinte e repiten o proceso cambiando os roles.

Xemelgos de rutinas e hábitos, de Colectivo Cinética

- ⇒ O docente agrupa ao alumnado en parellas heteroxéneas en función do seu nivel de autonomía para realizalas rutinas e hábitos.
- ⇒ Os alumnos van a por o seu material. Por exemplo: o babi, o abrigo.
- ⇒ Preparan o material. Cada alumno verifica se o material do seu xemelgo está colocado de forma correcta. Por exemplo se son abrigos e babis asegúranse que están ben as mangas.
- ⇒ Os alumnos tentan realizala tarefa de maneira individual. Se non o conseguen piden axuda ao seu xemelgo.
- ⇒ Finalizan a tarefa cando os dous están preparados.

Xemelgos/equipos pensantes, do Colexio Ártica

- ⇒ O docente agrupa aos alumnos en parellas/equipos heteroxéneos e presenta a tarefa que deben realizar: exercicio, pregunta, ficha, pequeno proxecto...
- ⇒ Antes de empezar, os parellas/equipos explícanse mutuamente o que teñen que facer para resolver a tarefa.
- ⇒ Cando todos o entenderon, póñense a traballar de forma individual.
- ⇒ Se a parella/equipo non consegue aclararse co traballo, piden axuda a outros compañeiros ou ao profesor.

Xogo das palabras, adaptación de Pujolás, a partir de Kagan

- ⇒ O mestre escribe na lousa unhas cantas palabras-clave sobre o tema que se vai a traballar.
- ⇒ Dentro dos equipos, de forma oral ou escrita, os alumnos constrúen xuntos unha ou varias frases con esas palabras, tratando de expresar a idea que hai detrás delas.
- ⇒ Un alumno ao azar de cada equipo comparte a frase do seu grupo e explica que significa.



10 Técnicas Ed. Infantil



13 Técnicas Ed. Primaria



10 Técnicas ESO-Bach



40 Técnicas AC

